

RESUMO DO PROXECTO COLECTIVO ENCAMIÑADO A REALIZAR UNHA XESTIÓN SUSTENTABLE DOS RECURSOS, ASÍ COMO A CONSERVACIÓN E PROTECCIÓN DO HÁBITAT E DAS ESPECIES NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE PESCADORES SAN ANTONIO DE CAMBADOS.

PROXECTO COFINANCIADO POLO FEMP nun 75%

Importe total : 131.700 euros

O proxecto propuso unha serie de actuacións e actividades que fomenten a xestión sustentable, a conservación e a protección dos hábitats e das especies, no ámbito de xestión dos bancos naturais de marisqueo da Confraría de Cambados, así como unha mellora substancial da coxestión entre a produtividade dos bancos naturais e a conservación do hábitat dos mesmo. Para iso establecéronse unha serie de obxectivos encamiñados á sustentabilidade da explotación dos recursos biolóxicos mariños, así como ao coidado do ecosistema ao que pertencen. Unha gran parte dos bancos marisqueiros que xestiona a confraría como o Banco de O Sarrido, atópanse incluídos na Rede Natura 2000, polo que é de especial interese para a nosa entidade facer compatibles as actividades pesqueiras e marisqueiras coa conservación na natureza.

O grado de consecución do obxectivo principal, que incluía un coñecemento do estado dos stocks das especies comerciais e unha aproximación inicial da diversidade específica presente nos bancos xestionados pola nosa Confraría, foi acadado na súa maior parte. Tentamos acadar un listado inicial das especies exóticas e invasoras presentes en ditos bancos, que será presentado no seguinte apartado; por outra parte continuouse coa caracterización granulométrica dos distintos hábitats que poden diferenciarse nos bancos de O Galiñeiro e O Sarrido. O resultado do proxecto permitiu obter un maior coñecemento das máis de 100 hectáreas de Rede Natura 2000 incluídas nos bancos marisqueiros da Confraría de Cambados.

Un obxectivo específico plantexado a principio do proxecto pretendía incrementar a sensibilización ambiental do sector sobre aspectos como o lixo mariño e a reciclaxe. Este obxectivo desenvolveuse coa participación da confraría no proxecto MLStyle “Marine Litter Style” a través do CETMAR, co que se incentiva ao secto para a recollida de lixo mariño e o seu depósito en contedores específicos situados no peirao de Tragove.

Por outra parte, as operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies permitiron manter a través dos controles de tallas e acceso aos bancos, a sustentabilidade dos recursos.